



Teaching Guide

Identifying Data					2017/18
Subject (*)	Economic History of Spain	Code	611G01015		
Study programme	Grao en Economía				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Second	Obligatoria	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Economía				
Coordinador	Vilar Rodriguez, Margarita	E-mail	margarita.vilar.rodriguez@udc.es		
Lecturers	Lindoso Tato, Elvira Vilar Rodriguez, Margarita	E-mail	elvira.lindoso.tato@udc.es margarita.vilar.rodriguez@udc.es		
Web					
General description	<p>O principal obxectivo desta materia consiste en que o alumnado sexa capaz de comprender e analizar a evolución da economía española desde unha perspectiva de longo prazo, o que lle permitirá situar as etapas máis representativas do seu desenvolvemento no proceso de converxencia con Europa. Non podemos esquecer que a Historia Económica ofrece ao alumnado os coñecementos sobre a evolución económica en épocas pasadas que lle faciliten a comprensión do mundo actual. O contexto actual no que vivimos (e no que o alumnado vai actuar como economista) é resultado dunha longa evolución, sen cuxa comprensión nos faltarían elementos para unha interpretación correcta dos acontecementos actuais. Nun mundo cada vez máis globalizado, o coñecemento da Historia Económica e das súas raíces máis profundas ten que formar parte da maleta intelectual dun futuro economista. Doutro lado, o coñecemento e reflexión sobre a evolución económica das sociedades desde unha perspectiva de longo prazo permite introducir ao estudante nunha temática e razoamentos propios dun economista (o funcionamento dos mercados, o comportamento dos consumidores e das empresas, os mecanismos de distribución e acumulación, a dinámica do crecemento económico, entre outros) aplicada sobre acontecementos económicos que xa sucederon e que son coñecidos. Deste xeito, a Historia Económica complementa desde o estudo dunha realidade coñecida os modelos teóricos propios da análise económica.</p>				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A2	CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público.
A3	CE3-Aportar racionalidade á análise e á descripción de calquera aspecto da realidade económica.
A4	CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos.
A5	CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma.
A6	CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial.
A7	CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido.
A8	CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.
A9	CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais.
A10	CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo o seu desempeño profesional.
A11	CE11-Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés.
A12	CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos.
A13	CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo.



B1	CB1 - Que os estudantes demostran posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico
B7	CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora
B8	CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.
B9	CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.
C1	CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer e entender a realidade económica internacional e española, as súas transformacións no longo prazo, os sectores produtivos, e as institucións económicas e a súa evolución	A5 A11		C8
Asimilar que as realidades económicas son complexas, interrelacionadas con variables sociais, políticas e culturais, e inmersas nun contexto dinámico	A4		
Apreciar o papel desempeñado polos factores económicos e os factores institucionais nos procesos de desenvolvemento económico	A3 A4		
Análise das variábeis que determinaron o liderado occidental no proceso de crecemento económico contemporáneo	A4 A7		
Axudar a entender as orixes e persistencia das desigualdades socioeconómicas entre países	A6 A7		C5 C8
Aplicar conceptos básicos da economía a diferentes contextos históricos	A3 A7		
Coñecer as distintas formacións económicas xurdidas na evolución histórica recente, e os factores que condicionaron as súas formas de crecemento	A4		C2
Potenciar o emprego de técnicas e instrumentos cuantitativos básicos que impliquen o uso de material estatístico e gráfico	A10 A12		
Capacidade analítica e sintética	A9		



Capacidade crítica e autocrítica	A13		C4
Capacidade de traballo en grupo	A13		C4 C7
Capacidade de expresión, oral e escrita			C1
Reforzar a capacidade de comprensión lectora	A7 A10		
Elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas	A4 A5		
Resolver problemas sobre as cuestións económicas, facendo uso dos coñecementos sobre as teorías, os modelos e os métodos científicos da economía e a empresa	A3		
Capacidade de procura, selección e elaboración de información	A2 A7		
Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental	A3 A7		
Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos	A3 A4		
Capacidade para o traballo autónomo			C7 C8
Capacidade de aplicar o coñecemento na práctica	A6 A12		
Analizar e interpretar datos básicos da conxuntura económica	A4 A12		
A materia aporta valores humanísticos e culturais importantes para desenvolver o liderado en empresas e Administración pública ao que están chamados os futuros Graduados en Economía			C7 C8
Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía.	A8		
<ul style="list-style-type: none"> - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa entorna de traballo. - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía - Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora <p>Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce.</p> <p>-Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez.</p>		B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6



Contents	
Topic	Sub-topic
INTRODUCCIÓN	1. As grandes etapas históricas da economía española: precapitalismo, crise do Antigo Réxime e capitalismo 2. A evolución da economía española no longo prazo desde unha perspectiva comparada 3. As crises económicas en España: Leccións de la Historia
TEMA 1: ECONOMÍA E CRISE DO ANTIGO RÉXIME	1. A economía española durante o Antigo Réxime 2. A crise do Antigo Réxime 1789-1840
TEMA 2: O DIFÍCIL ARRANQUE DO DESENVOLVEMENTO CAPITALISTA (1840-1913)	1. Principais obstáculos da industrialización española 2. A primeira gran crise do capitalismo, 1864-1874 3. A gran depresión da primeira globalización (1882-1897)
TEMA 3: DA I GUERRA MUNDIAL Á GUERRA CIVIL (1914-1939)	1. A saída da crise agraria e o climaterio anticipado 2. O ciclo da Primeira Guerra Mundial 3. A Gran Depresión Internacional e a II República
TEMA 4. OS ANOS DA FAME 1940-1956	1. O ciclo da I Guerra Mundial 2. A Gran Depresión Internacional e a II República 3. A economía española durante a Guerra Civil
TEMA 5. A CULMINACIÓN DO PROCESO DE INDUSTRIALIZACIÓN E A "POLÍTICA DE DESENVOLVEMENTO" ESPAÑOLA (1957-1974)	1. Plan de Estabilización e reinserción na economía mundial 2. Crecemento económico e cambio estrutural 3. Os problemas estruturais do modelo no longo prazo
TEMA 6. A ECONOMÍA ESPAÑOLA NA DEMOCRACIA (1975-2016): A CONVERXENCIA CON EUROPA E A CRISE ECONÓMICA	1. Axuste económico e transición política (1975-1985) 2. Integración europea e recuperación económica (1986-2006) 3. A crise económica mundial: o seu impacto na economía española (2007-2016)

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A2 C7 C8	1	0	1
Case study	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	9	18	27
Workbook	A7 A11 A13 C2 C5	9	27	36
Oral presentation	A6 A7 A10 A13 B3 C1	3	6	9
Long answer / essay questions	A3 A6 A9 A12 C1	3	0	3
Guest lecture / keynote speech	A2 A4 A7 A8 C4	17	51	68
Objective test	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	2	0	2
Personalized attention		4	0	4

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Planificación do curso, explicación de conceptos básicos e presentación das metodoloxías a aplicar
Case study	Inclúen prácticas a partir de textos e datos estatísticos
Workbook	Haberá varias lecturas de carácter obrigatorio cuxo contido se discutirá en clase. Os seus contidos servirán como complemento das clases máxistras e como material para realizar estudos de caso e análise de datos



Oral presentation	Debateráanse os contidos das lecturas obrigatorias e os resultados dos estudos de caso e análise de datos
Long answer / essay questions	Durante o curso realizaranse dúas probas avaliábeis (cada unha 1,5 puntos) que servirán para realizar a avaliación continua dos estudantes. Estas probas consistirán nunha análise de datos históricos e/ou unha lectura obrigatoria do curso. Os alumnos dispoñerán dunha hora para realizar cada un dos exercicios propostos que computarán globalmente cun máximo de 3 puntos na nota final. As datas destas probas facilitaranse ao inicio do curso
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións maxistras o profesor impartirá as pautas clave da materia que o alumno debe coñecer e preparar con traballo individual e en grupo utilizando o resto de instrumentos que ofrece o curso. A asistencia a clase e a participación nas actividades realizadas na aula serán decisivas para elaborar a cualificación final dos alumnos dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota
Objective test	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais. Para superar a proba, e que esta compute na avaliación final, haberá que obter un mínimo de 30 puntos dos 70 totais. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa. Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Así mesmo, é necesario que cada alumno que desexe realizar o exame se identifique correctamente co DNI ou carné de estudante na aula onde se vaia realizar a proba.

Personalized attention

Methodologies	Description
Case study Workbook Guest lecture / keynote speech	<p>En cada un dos casos ofrecerase atención personalizada aos estudantes tanto nas sesións de clase coma no horario de titorías.</p> <p>Alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: No caso de alumnos con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, empregarase a plataforma Moodle e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, titorías e a entrega de traballos. Acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación, mais terán a mesma obriga de realizaren actividades e de acudir a calquera tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo.</p> <p>Ademais, se realizarán tamén actividades de orientación docente nas titorías de grupo reducido (4 horas para cada grupo de 15 alumnos) durante o curso.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Case study	A3 A4 A5 A6 A7 A9 A12 B3 B6 B7 B8 C6	Inclúen as prácticas con material cuantitativo. Refírese ás análises de datos estatísticos dende unha perspectiva de longo prazo. Os estudos de caso avalíaranse a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Workbook	A7 A11 A13 C2 C5	Representan unha información complementaria ás clases maxistras. En clase traballarase as técnicas para extraer a información fundamental das lecturas e discutirase o seu contido en clase. O contido das lecturas servirá como materia complementaria á impartida nas clases maxistras. Así mesmo, o contido das lecturas servirá tamén para elaborar os estudos de caso. En consecuencia, a súa avaliación realizarase conxuntamente cos estudos de caso a través das dúas probas de ensaio/desenvolvemento	0
Oral presentation	A6 A7 A10 A13 B3 C1	A participación activa do alumnado nas clases, a través das presentacións orais para a corrección de casos prácticos, terase en conta para elaborar a cualificación final dos estudantes dubidosos, aos que lles falten poucas décimas para o aprobado ou para subir nota.	0



Objective test	A4 A6 A9 A12 B2 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C1 C6	Consistirá na realización dun exame escrito sobre os contidos do programa nas convocatorias oficiais establecidas. O exame representa o 70% da avaliación final do estudante. Pero para superar a materia o estudante haberá de obter un mínimo de 3 puntos no exame final e unha cualificación mínima de 5 puntos na avaliación global (exame + estudo de casos). No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.	70
Guest lecture / keynote speech	A2 A4 A7 A8 C4	Nestas sesións o profesor impartirá as pautas clave da materia que os estudantes deben coñecer e preparar con traballo persoal e coa axuda do resto de instrumentos que ofrece o curso.	0
Long answer / essay questions	A3 A6 A9 A12 C1	Inclúen as prácticas con material cuantitativo (estudos de caso e Lecturas). Ao inicio do curso, a profesora establecerá dúas datas para realizar dúas probas avaliábeis e computábeis na nota final. En conxunto, as dúas probas avaliábeis contarán 3 puntos na nota final de curso (1,5 cada proba).	30

Assessment comments

O alumnado comezará a ser avaliado dende o primeiro día de curso independentemente da súa data de matrícula.

Se o alumno se presenta a unha das probas avaliábeis de "Estudos de caso" e non se presenta á segunda proba avaliábeis de "Estudo de caso" nin ao exame final, a súa avaliación será Non Presentado". No caso contrario, se se presenta a dous estudos de caso (preséntese ou non ao exame final), a súa cualificación será a correspondente á nota obtida no conxunto de exercicios avaliábeis realizados no curso. O exame ou proba obxectiva celebrarase na convocatoria oficial establecida pola Xunta de Facultade. Para superar a materia, o estudante haberá de obter en conxunto (exame + estudo de casos) unha cualificación de 5 puntos. No exame valorarase a capacidade de expresión, o manexo e dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e o coñecemento dos contidos do programa da materia.

O criterio de avaliación para a primeira e segunda oportunidade e a oportunidade adiantada será o mesmo.

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Excepto para as fechas aprobadas na Xunta de Facultade no que compete á proba obxectiva, para as restantes probas acordarase ao inicio do curso un calendario específico de fechas compatible coa súa dedicación.

Sources of information

Basic	BIBLIOGRAFÍA Carreras, A. y X. Tafunell (2010), Historia económica de la España contemporánea (1789-2009), Barcelona, Crítica Comín, F y M. Hernández (ed.) (2013): Crisis Económicas en España 1300-2012. Lecciones de la Historia, Madrid, Alianza Comín, F.; M. Hernández y E. Llopis (Eds.) (2010), Historia económica de España, siglos X-XX, Barcelona, Crítica. Llopis, Enrique (ed.) (2004), El legado económico del Antiguo Régimen, Barcelona, Crítica. Llopis, Enrique y Jordi Maluquer de Motes, (eds.) (2013), España en crisis: las grandes depresiones económicas, 1348-2012, Barcelona, Pasado & presente. Maluquer de Motes, Jordi (2014): La economía española en perspectiva histórica, Barcelona, Pasado & Presente. Nota: Al inicio de curso se colgarán en el campus virtual las lecturas obligatorias para cada tema
Complementary	

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments



NON EXISTE UN ÚNICO MANUAL QUE CUBRA TODA A MATERIA IMPARTIDA AO LONGO DO CURSO NESTA MATERIA. A PROFESORA INDICARÁ EN CADA TEMA CALES SON AS PRINCIPAIS REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS COAS QUE OS ESTUDANTES TERÁN QUE COMPLETAR A MATERIA EXPLICADA EN CLASE. ASÍ MESMO, O ALUMNADO TERÁ QUE LER E TRABALLAR EN CLASE VARIAS LECTURAS OBRIGATORIAS QUE SE INDICARÁN EN CLASE PARA CADA UN DOS TEMAS. O alumnado terá a obriga de consultar con regularidade o campus virtual da materia, pois será a vía que a profesora utilizará para colgar información sobre todos os aspectos relacionados coa materia. A materia non esixe requisitos previos. Non obstante, considéranse como recomendables: - Coñecementos básicos de informática a nivel de usuario.

Coñecementos básicos de Historia e Estatística. Familiaridade con conceptos básicos de Economía.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.